

Premio Ramón Piñeiro 2023 de ensaio

## Yolanda Castaño reflexiona sobre a dignificación dos oficios culturais

**Redacción | Nós Diario**

A poeta Yolanda Castaño presentou onte o seu ensaio *Economía e poesía; rimas internas*, publicado por Galaxia e gañador do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2023. Nel abre un debate arredor da "dignificación" dos oficios creativos e explora un sistema no que Castaño identifica "fondas desigualdades e algunas carencias estruturais e sistémicas". A autora estivo acompañada na presentación polo secretario xeral da Lingua, Valentín García, o director xeral da Editorial Galaxia, Xosé Manuel Soutullo; e José Antonio Menéndez, de Caixa Rural, colaboradora da iniciativa.

Yolanda Castaño amosouse "feliz e agradecida" polo feito de que a súa primeira incursión no eido do ensaio colleitara un premio "de tanto prestixio" como o Ramón Piñeiro. Sobre a polémica aberta arredor da temática

deste ensaio, Castaño explicou que "o que pretendín foi abrir un debate, que sentemos a conversar sobre un asunto sobre o que penso que había un tupido velo que xa tocaba decorrer para ser más transparentes e achegar posturas".

A autora explicou o proceso de documentación previo que fixo para este ensaio, un proceso no que atopou "fondas desigualdades" que afectan o centro da dacena de valor "que é o libro". Explicou que poden vivir dos libros editoriais, librarias e distribuidoras, "pero é o autor a única parte imprescindible do libro", e moitas veces recibe a cambio "moedas simbólicas".

Alertou Yolanda Castaño de que "se deixamos a literatura en mans de quen se pode permitir non recibir remuneración a cambio, acabaremos deixando fóra moitas voces interesantes, ainda que sexan incómodas".